



CRITERIOS DE PROMOCIÓN / TITULACIÓN EN ESO

Criterios aprobados en reunión de CCP do 08/03/2022 seguindo o establecido na Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

PROMOCIÓN

Ao finalizar cada curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumno/a, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os seguintes criterios:

- Promocionará de curso o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativas nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.
- Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a promoción dun alumno/a sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - d) Que o equipo docente considere que a promoción beneficiará a súa evolución académica.

TITULACIÓN

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumno/a, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios seguintes:

- Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.
- Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dun alumno/a sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a xuízo do equipo docente o alumno/a adquirise as competencias establecidas.
 - c) Que a xuízo do equipo docente o alumno/a alcanzase os obxectivos da etapa.